

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO:** IES DE SOUTOMAIOR

**CURSO:** 1º BACHARELATO

**MATERIA:** Obradoiro de Habilidades Comunicativas

**DEPARTAMENTO:** Lingua Galega

**DATA:** 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### Cráterios de avaliación

1. Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.
2. escoitar e ver discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.
3. Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.
4. Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público. Controlar a conduta asociada ás emocións negativas ante situacións comunicativas con público.
5. Elaborar unha mensaxe breve e clara que funcione como núcleo do discurso.
6. Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.
7. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.
8. Empregar recursos propios da argumentación.
9. Identificar e manexar fontes documentais.
10. Obter e organizar a información para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.
11. Seleccionar as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz.
12. Conseguir establecer un debate coas normas mínimas de diálogo, nas que tamén debe ter presenza a escoita de calquera interlocutor e a capacidade argumentativa de cada falante, así como a tolerancia nos argumentos expostos.
13. Participar activa e cooperativamente nun proxecto de equipo,
14. Conformar un ambiente de traballo creativo, responsable e resolutivo (na elaboración dos produtos finais) e participar activamente nas actividades extraescolares complementarias propostas,
15. Elaborar os produtos finais, así como plasmar ese traballo nos produtos finais.
16. Adquirir habilidades propias da comunicación oral en galego en ámbitos formais,
17. Adquirir a competencia mediática e informacional, con atención no manexo das ferramentas TIC.
18. Publicar novas e producións propias a través da web e blogues do centro sobre as actividades nas que participe o alumnado (Parlamento Xove).
19. Medir o impacto dos proxectos e actividades relacionados coa materia na comunidade educativa e na práctica docente do profesorado implicado.
20. Analizar a implicación do profesorado e doutros estamentos da comunidade educativa que participen en maior ou menor grao (resto do profesorado, equipo directivo, familias e institucións do contorno).
21. Revisar os acordos metodolóxicos aplicados na materia, tanto no desenvolvemento do currículo como nos aspectos organizativos,
22. Avaliar as medidas de difusión da materia e os proxectos nos que se implique o alumnado no contexto educativo (páxina web, blogues, redes sociais e medios locais).

### Estándares de aprendizaxe

#### **Bloque 1. A. O discurso persuasivo e técnicas de expresión oral**

- Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese.
- Explica a intención do discurso.
- Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón.
- Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe.
- Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.
- Aplica algunhas técnicas de pronuncia nun texto de creación propia.
- Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira básica para potenciar o poder

expresivo do seu discurso.

- Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade á hora de presentar o seu discurso perante un auditorio.
- Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc) como unha manifestación natural da exposición perante o público.
- Desenvolve paulatinamente estratexias propias para controlar a conduta asociada ás emocións negativas.

#### **Bloque 1. B. Documentación e investigación. Alfabetización mediática e informacional**

- Identifica as fontes das que pode obter información.
- Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso.
- Analiza de xeito básico a información atopada.
- Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.

#### **Bloque 2. Elaboración do discurso e técnicas de argumentación**

- Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva.
- Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención da audiencia.
- Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido.
- Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón.
- Emprega algúns recursos propios da argumentación.
- Organiza os contidos nunha estrutura clara.
- Emprega algúns recursos retóricos básicos para poñelos ao servizo da eficacia persuasiva.

#### **Bloque 3. O debate**

- Emprega no discurso algunhas estratexias da retórica e da oratoria.
- Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas.
- Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións nalgúns ámbitos orais reais ou ficticios.
- Identifica algunhas estratexias que terxiversan a información.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Consulta e manexo das fontes de información da rede: enciclopedias, medios de comunicación, páxinas institucionais, etc.</li><li>- Coavaliación das actividades grupais e individuais.</li><li>- Participación activa nas actividades propostas na aula.</li><li>- Participación activa nas actividades extraescolares (concursos e certames de expresión oral e debate).</li><li>- Elaboración en ensaio de monólogos humorísticos.</li><li>- Participación en debates na aula.</li><li>- Participación en dinámicas de roles e improvisacións de tipo teatral.</li><li>- Elaboración de portfolios dixitais cos resultados da procura, manexo e selección de información dos temas propostos para o debate.</li><li>- Deseño do proxecto do 2º trimestre: elaboración dun vídeo didáctico e argumentario para participar no Parlamento Xove.</li><li>- Elaboración dos argumentarios dos debates.</li><li>- Achega de propostas para o deseño colectivo do proxecto do 3º trimestre (TV escolar).</li><li>- Seguimento e cumprimento das instrucións dadas para deseñar, realizar e entregar o proxecto do 3º trimestre (TV escolar).</li><li>- Escoita e intervención activa nas sesións non presenciais mantidas por videoconferencia.</li><li>- Cumprimento das pautas de intervención e participación nas sesións non presenciais mantidas por videoconferencia.</li></ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Portfolio dixital da investigación dos temas propostos para o debate na aula.</li><li>- Entrega dos argumentarios grupais elaborados para realizar os debates na aula.</li><li>- Coavaliación dos monólogos humorísticos presentados no Certame de Expresión Oral Tíralle da Lingua.</li><li>- Entrega dos artigos de opinión individuais sobre os temas propostos para o debate.</li><li>- Informes dos traballos da 2ª avaliación.</li><li>- Argumentario do Certame Parlamento Xove 2020.</li><li>- Observación do traballo individual e grupal na aula.</li><li>- Rexistro das exposicións e dinámicas propostas na aula.</li><li>- Rexistro da participación no II Certame de Debate Académico de Galicia.</li><li>- Rexistro de participación no deseño e elaboración do proxecto do 3º trimestre (TV escolar).</li><li>- Rexistro do seguimento e entrega do proxecto do 3º trimestre (TV escolar).</li></ul>

<b>Cualificación final</b>	<p>Nos criterios de cualificación final estableceranse estas dúas posibilidades para facer a media:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado cun nivel de traballo moi baixo ou sen traballo nesta 3ª avaliación, aplicarase este criterio: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Nota media da 1ª e 2ª avaliación (50% e 50%).</li> </ul> </li> <li>• Alumnado que participou activamente no deseño e na realización do proxecto da 3ª avaliación, aplicarase este criterio: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 45% (1ª aval.) + 40% (2ª aval.) + ata 1,50 segundo traballo realizado.</li> </ul> </li> </ul> <p>Aplicarase o criterio que máis favoreza o alumnado (puntuación obre 10).</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Todo o alumnado matriculado xa aprobou a materia.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Posta en común da revisión dos informes e argumentario do Parlamento Xove 2020.</li> <li>- Tormenta de ideas para decidir o proxecto do 3º trimestre.</li> <li>- Escolla, deseño básico e temporalización do proxecto.</li> <li>- Conformación de equipos e tarefas.</li> <li>- Realización do proxecto.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Tras o traballo de seguimento titorial, da Xefatura de Estudos e o Dpto. de Orientación, e a conseguinte entrega de equipos por parte do centro ao alumnado que o precisou, todo o alumnado ten soporte técnico. A metodoloxía de traballo é a seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a metodoloxía é fundamentalmente e práctica, e traslada o contexto activo da aula física ás domicilios do alumnado, que a través dos medios dos que se dispoñen fan as súas achegas tanto para decidir o proxecto do 3º trimestre como para deseñalo, xestionalo e realizalo baixo a supervisión do profesor.</li> <li>- Ademais, ao igual que aconteceu ao longo do curso, primase o o traballo cooperativo en pequenos grupos que achegan as súas producións para converxer nun único produto final.</li> <li>- Finalmente, procederase á autoavaliación e a coavaliación do traballo realizado.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Materiais de apoio (videotitoriais e catálogo de produtos audiovisuais que serven como modelo para as producións do alumnado) compartidos por correo, Google Drive e Aula Virtual.</li> <li>- Plataforma Zoom para aulas non presenciais (videoconferencias).</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Correos electrónicos ao alumnado</li> <li>- Publicación das tarefas na páxina web do IES (apartado do Departamento de Lingua Galega e PDF semanal do centro) e na Aula Virtual.</li> <li>- Informe quincenal ás Titorías sobre a comunicación co alumnado e o sobre seu traballo.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A revisión da Programación Didáctica será publicada na páxina web do IES (apartado do Departamento de Lingua Galega e na Aula Virtual do centro).</li> <li>- Informarase ao alumnado a través do correo electrónico e das clases realizadas por videoconferencia.</li> </ul>